



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE NOVEMBRO DO 2024.

Sesión 17/2024-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p style="text-align: center;">Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;">Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;">Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;">Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 28 de novembro do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de novembro do 2024 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 16/2024).

Pola Presidencia preguntáse aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 16/2024, do 30 de outubro; o sr. Graña Mosquera indica que na acta hai algunha identificación errónea da sra. Arias Ferreiro como de SM cando debiera selo do PP.

Logo de se someter a votación, apróbase por unanimidade modificar o texto, e así onde di “a sra. Arias Ferreiro (SM)” pasa a dicir “a sra. Arias Ferreiro (PP)”.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

Non habendo máis intervencións, queda aprobada a dita acta, coa corrección indicada, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- ACTUALIZACIÓN DAS TARIFAS DE AUTO TAXI PARA O ANO 2025.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de novembro do 2024, que recolle:

«Primeiro.- Aprobar as tarifas 1 e 2 que aparece no cadro que segue, para a aplicación ó servizo de transporte público de viaxeiros en automóviles de turismo de ámbito interurbano para 2025:

CONCEPTOS APLICABLES TARIFA 1	IMPORTE SOLICITADO	
	CON IVE	SEN IVE
baixada de bandeira*	4,00	3,64
km percorrido	1,20	1,09
Hora de espera	19,00	17,27
suplemento cans ou gatos ***	1,05	0,95
suplemento ocupación de maletreiro***	1,05	0,95

CONCEPTOS APLICABLES TARIFA 2	IMPORTE SOLICITADO	
	CON IVE	SEN IVE
Baixada de bandeira**	5,00	4,55
Km percorrido	1,40	1,27
Hora de espera	23,00	20,91
suplemento cans ou gatos***	1,05	0,95
suplemento ocupación de maletreiro***	1,05	0,95

suplemento Noiteboa e Noitevella (tarifas 1 e 2)	2,05	1,86
--	------	------

APLICACIÓN DE TARIFAS E SUPLEMENTOS

TARIFA 1.- Aplicación en días laborais, de 06:00 a 22:00 horas.

TARIFA 2.- Aplicación en días laborais, de 22:00 horas a 06:00, os sábados, domingos e festivos, así como os días 24 e 31 de decembro, durante as 24:00 horas.

* A baixada de bandeira na tarifa 1 inclúe 1.700 metros, ou tempo equivalente.

** A baixada de bandeira na tarifa 2 inclúe 1.700 metros, ou tempo equivalente.

*** Excepcións:

- Non se cobrará este suplemento por transportar cadeiras de PMR ou de crianzas.
- Tampouco se aplicará este suplemento polo traslado de cans lazarrillos .
- Cada pasaxeiro ten dereito a transportar gratuitamente no maletreiro do vehículo, un vulto de equipaxe ou pertenza.

SUPLEMENTO NOITEBOA E FIN DE ANO (en ambas as tarifas)

Día 24 de decembro dende as 22.00 horas ás 08.00 horas do día 25 de decembro.

Día 31 de decembro dende as 22.00 horas ás 08.00 horas do día 1 de xaneiro.

Segundo.- Notificar este acordo á Comisión de Prezos de Galicia, á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, e á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración».

Intervenñen o sr. Villar López (SM), o sr. Graña Mosquera e a sra. Pena Álvarez (grupo mixto) e a sra. Arias Ferreiro (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar as tarifas 1 e 2 que aparecen no cadro que segue, para a aplicación ó servizo de transporte público de viaxeiros en automóbiles de turismo de ámbito interurbano para 2025:

CONCEPTOS APLICABLES TARIFA 1	IMPORTE SOLICITADO	
	CON IVE	SEN IVE
baixada de bandeira*	4,00	3,64
km percorrido	1,20	1,09
Hora de espera	19,00	17,27
suplemento cans ou gatos ***	1,05	0,95
suplemento ocupación de maleteiro***	1,05	0,95

CONCEPTOS APLICABLES TARIFA 2	IMPORTE SOLICITADO	
	CON IVE	SEN IVE
Baixada de bandeira**	5,00	4,55
Km percorrido	1,40	1,27
Hora de espera	23,00	20,91
suplemento cans ou gatos***	1,05	0,95
suplemento ocupación de maleteiro***	1,05	0,95

suplemento Noiteboa e Noitevella (tarifas 1 e 2)	2,05	1,86
--	------	------

APLICACIÓN DE TARIFAS E SUPLEMENTOS

TARIFA 1.- Aplicación en días laborais, de 06:00 a 22:00 horas.

TARIFA 2.- Aplicación en días laborais, de 22:00 horas a 06:00, os sábados, domingos e festivos, así como os días 24 e 31 de decembro, durante as 24:00 horas.

* A baixada de bandeira na tarifa 1 inclúe 1.700 metros, ou tempo equivalente.

** A baixada de bandeira na tarifa 2 inclúe 1.700 metros, ou tempo equivalente.

***** Excepcións:**

- Non se cobrará este suplemento por transportar cadeiras de PMR ou de crianzas.
- Tampouco se aplicará este suplemento polo traslado de cans guía (*lazarillos*).
- Cada pasaxeiro ten dereito a transportar gratuitamente no maleteiro do vehículo, un vulto de equipaxe ou pertenza.

SUPLEMENTO NOITEBOA E FIN DE ANO (en ambas as tarifas)

Día 24 de decembro dende as 22.00 horas ás 08.00 horas do día 25 de decembro.

Día 31 de decembro dende as 22.00 horas ás 08.00 horas do día 1 de xaneiro.

Segundo.- Notificar este acordo á Comisión de Prezos de Galicia, á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, e á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

3º.- PROPOSICIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DE TRÁFICO, MOBILIDADE SOSTIBLE E ESTACIONAMENTO.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia deste punto, non ditaminado previamente, en que é fundamental a súa aprobación inicial porque é unha demanda dalgúns colectivos de ter un estacionamento regulado para proceder á implantación nos diferentes puntos que logo se decidan facilitar ou promover que non se estanquen diversos coches na época de maior afluencia en diferentes puntos de Sada.

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando rexeitada a urxencia por maioría absoluta.

4º.- PROPOSICIÓN DE ELECCIÓN DO XUÍZ DE PAZ (titular e substituto).

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, xustifica a urxencia deste punto, non ditaminado previamente, en que o mandato xa está expirado, polo que entende que o máis acaído sería proceder á súa aprobación.

Intervén a sra. Arias Ferreiro (SM), quen cuestiona a urxencia, debaténdose brevemente.

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando rexeitada a urxencia por maioría absoluta.

5º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 32/24. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/24: EXPROPIACIONES AMPLIACIÓN SADA Y SUS CONTORNOS.

A sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, xustifica a urxencia de incluír este punto na orde do día por unha razón de prazos.

Intervén a sra. Arias Ferreiro (SM), quen pide que se lle aclare máis a urxencia, dando unha explicación para os efectos o interventor e o presidente, sr. Portela Fernández (SM); intervén tamén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA).

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando rexeitada a urxencia por maioría absoluta.

6º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 25 de outubro (núm. 1972) ata o 22 de novembro do 2024 (núm. 2131).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

25 de outubro do 2024 (núm. 1972, do expediente 2024/G003/001964) ata o 22 de novembro do 2024 (núm. 2131, do expediente 2024/G003/002254), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Única.- Moción con motivo da conmemoración do 25 de novembro, día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

A sra. Arias Ferreiro (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do partido popular (PP), na importancia que ten o problema social tan agudo que temos coa violencia de xénero e en especial contra as mulleres.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada por unanimidade a urxencia da devandita moción.

A continuación a sra. Arias dá lectura á moción, a que se reproduce literalmente :

«MOCIÓN CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Un día de reflexión e sensibilización para expresar o rexeitamento máis profundo a todo tipo de violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero, como manifestación extrema de desigualdade, é un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciábeis que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto. Por iso todos os poderes públicos temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

É un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todas e todos debemos tentar derribar cos muros de silencio que aínda a rodean.

Apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta repudiable lacra e xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis equilibrada e sen discriminación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello de Sada a :

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencia contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coa Policía Municipal e os servizos sociais e sanitarios.
- Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia de xénero encuberta.
- Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todas as formas de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.
- Promover a través dos centros municipais para a mocidade accións dirixidas a este colectivo para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.
- Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Delegación do Goberno, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2. Instar ao Goberno de España a:

- Renovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que leva conxelado desde o ano 2022, coa incorporación de medidas específicas contra a violencia vicaria e a violencia dixital.
- Revisar os erros do sistema VioGen á hora de valorar o risco das vítimas de violencia de xénero.
- Promulgar unha lei contra a trata de persoas, comprometida no Pacto de Estado.

3. Instar a Xunta de Galicia a:

- Poñer en marcha liñas formativas e de asesoramento a profesionais e familias para a prevención e detección de abusos a mulleres con discapacidade.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

- *Reforzar e ampliar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero, como a atención psicolóxica, a asistencia xurídica gratuíta, as axudas directas periódicas, solucións habitacionais e axudas para a súa inserción laboral, co fin de que logren unha plena independencia.*
- *Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.*
- *Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero».*

A continuación procédese o debate da moción comezando coa intervención do sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen propón a seguinte emenda, para que se inclúa na súa parte dispositiva o seguinte:

*“Demandar á Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero nos vindeiros orzamentos de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero”.*ç

O sr. Graña explica a emenda que propón, debatendo coa sra. Arias, intervindo tamén o sr. Villar López (SM), quen amosa que o seu grupo está a favor da emenda. Finalmente, a sra. Arias expresa que non están a favor de admitir a emenda.

A secretaria pola súa parte fai unha apreciación relativa a retocar o de *instar* o concello de Sada porque o concello non pode instar o propio concello, no senso de cambialo por *estudar* ou algo semellante. Logo da súa consideración, todos amosan conformidade en mudar instar por estudar, deixando a redacción da seguinte maneira: *1. Que o Concello de Sada estude.*

Continúa o debate coas intervencións da sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); da sra. Arias Ferreiro (PP); da sra. Nogareda Marzoa (UPSA); e da sra. Martínez Abruñedo (SM).

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1. Que o Concello de Sada estude:

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencia contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coa Policía Municipal e os servizos sociais e sanitarios.
- Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia de xénero encuberta.
- Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todas as formas de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.
- Promover a través dos centros municipais para a mocidade accións dirixidas a este colectivo para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.
- Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucionais contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Delegación do Goberno, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2. Instar o Goberno de España a:

- Renovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que leva conxelado desde o ano 2022, coa incorporación de medidas específicas contra a violencia vicaria e a violencia dixital.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

- Revisar os erros do sistema VioGén á hora de valorar o risco das vítimas de violencia de xénero.
- Promulgar unha lei contra a trata de persoas, comprometida no Pacto de Estado.

3. Instar á Xunta de Galicia a:

- Poñer en marcha liñas formativas e de asesoramento a profesionais e familias para a prevención e detección de abusos a mulleres con discapacidade.
- Reforzar e ampliar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero, como a atención psicolóxica, a asistencia xurídica gratuíta, as axudas directas periódicas, solucións habitacionais e axudas para a súa inserción laboral, co fin de que logren unha plena independencia.
- Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

C. Rogos e preguntas.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta sobre a implantación da hospitalización a domicilio.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández.

2ª) Pregunta se se lles pode informar polos fondos previstos pola Xunta de Galicia en materia de asolagamentos con relación o Río Maior.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández.

3ª) Pregunta para cando o orzamento.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández.

O sr. Graña fai tamén os seguintes rogos:

1º) Roga que se inclúan no orzamento partidas importantes para a dinamización e normalización da lingua galega.

2º) Roga que se invistan recursos para que a sala de exposicións municipal da capela de san Roque poida estar aberta ata máis alá das nove tamén durante a fin de semana.

Intervén dando unha explicación para os efectos o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado de Cultura e Normalización Lingüística.

3º) Roga dado que o ano que vén que o Día das Artes Galegas, o 1 de abril, está dedicado a Isaac Díaz Pardo, que o goberno municipal programe tamén actividades sobre o tema.

Tamén polo Grupo Mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-BNG), logo dunha introdución sobre a maneira de introducir os asuntos na orde do día das sesións, roga (4º) que comecen a xestionar ben o tempo.

Deseguido, a sra. Pena pregunta (4ª), con relación a unha noticia de hoxe de se ter achado a un home que levou unha malleira e botou 24 horas amordazado, sobre as circunstancias e a hora da chamada dunha veciña á Policía Local por non haber efectivos dispoñibles nese momento ou non ter contestado á chamada

Contestan a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, e mais o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

Polo Grupo do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as seguintes preguntas:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

1ª) Pregunta, de maneira di que recorrente, se se ten efectuado algunha xestión para implantar o *Centro de Información de la Mujer* (CIM).

Contesta a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade e Emprego.

2ª) Pregunta á sra. Martínez Abruñedo, con relación o seu manifesto do 25N, se sabe como se forma unha Mesa Local Interinstitucional para a Violencia de Xénero.

Contesta a sra. Martínez Abruñedo.

3ª) Pregunta, con relación á seguridade cidadá, por que non se convoca a Comisión Especial de Seguridade Cidadá cando a situación entende que o fai necesario.

Contesta a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal.

Tamén polo Grupo do PP, a sra. Val Armesto pregunta (4ª) se hai planificada algunha feira ou mercado consensuado cos comerciantes locais.

Contesta o sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá.

A sra. Val ademais roga (1º) que se convoque xa a Mesa Local de Comercio.

Polo Grupo do PP, o sr. Lonja Tajés roga (2º) que se atendan as queixas que están a recibir hai tempo dos empresarios do polígono do Tarabelo polo deixamento do concello no eido da limpeza, vehículos abandonados, pluviais, organización do sentido do viario e outros aspectos que tamén cita.

Polo Grupo do PP, o sr. España López roga (3º) que se comece analizar o froito, o resultado das xestións efectuadas nos departamentos correspondentes polo estado dos contedores, polos camiños escachados, as sendas sen rozar, as fochancas ou as vías esnaquizadas, que di que son obxecto permanente de rogos e preguntas.

A sra. Arias Ferreiro (PP) achega tamén estoutras preguntas:

5ª) Pregunta que se ten pensado facer con relación ás necesidades de iluminación e vestiarios do campo de fútbol das Mariñas Andrés Pena, para o que di que se están a utilizar provisionalmente unhas casetas de obra en alugamento por máis dun ano, sen ducha sequera, e o que mesmo entende que está a imposibilitar ter un equipo feminino.

Contesta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada de Deporte, Educación e Xuventude.

6ª) Pregunta en que situación está a problemática coa ANPA no asunto do comedor do colexio de Mondego.

Contesta tamén a sra. Mouriño Neira (SM).

7ª) Pregunta se hai algunha previsión para o caso da habilitación de espazos para os cans, como algunha praia ou algún outro tipo de lugar realmente acondicionado para os efectos.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Val Armesto (PP) tamén pregunta (8ª) por que non se fixo nada aínda con relación á Mesa Local de Comercio, que cal é a razón.

Contesta o sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá.

O sr. España López (PP) roga (4º) que se lle presten atención os apagamentos de luz continuos nas estradas do Castro, Mondego e Souto, así como na avenida de Posse.

Polo Grupo UPSA, a sra. Nogareda Marzoa roga (1º) para o vindeiro pleno que se faga unha reflexión e unha análise dos cumprimentos do orzamento deste ano.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000017

A sra. Nogareda deseguido formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta polos motivos da renuncia á subvención (POS) que a Deputación outorgaría para realizar o módulo deportivo de Mondego (no CEIP Pedro Barrié de la Maza).

Contesta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada de Deporte, Educación e Xuventude.

2ª) Pregunta polo motivo de que o Consello Escolar rexeite este proxecto.

Contesta tamén a sra. Mouriño Neira (SM).

A sra. Nogareda tamén roga (2º) que se faga un informe polas persoas técnicas competentes na materia das competencias que ten cada quen aquí para a realización dun módulo, indicando que o Consello Escolar non ten competencia para isto.

3ª) Pregúntalle ao presidente como pode ser que xa teña enviada a renuncia (á subvención para o proxecto anterior) á Deputación este mes.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández, quen debate coa sra. Nogareda.

Tamén polo Grupo UPSA sra. Salorio Porral fai os seguintes rogos, que indica que son repetitivos:

3º) Roga que se lles dea resposta á solicitude de hai un ano dos veciños de Meirás sobre unha podadura ou talla realizadas no lugar do Perouteiro.

4º) Roga que se lle preste atención á licitación do contrato relativo ao servizo de axuda a domicilio (SAF) antes de que caduque a prórroga e que se lles facilite a documentación de todos os contratos pendentes e especificamente deste como xa teñen solicitado.

Intervén o presidente para os efectos de comprometerse a facilitar a documentación solicitada.

A sra. Nogareda (UPSA) fai tamén as seguintes preguntas:

4ª) Volve preguntar neste caso polos pormenores legais relativos ao relativo ao comedor do CEIP de Mondego.

Prodúcese un debate para os efectos, no que participan en distinta medida o presidente, sr. Portela, a sra. Mouriño, a propia sra. Nogareda e a secretaria, que fai algunha puntualización.

5ª) Pregunta pola coherencia no que atinxe á violencia, logo dunha extensa exposición con exemplos.

Contestan o sr. Villar López (SM) e o presidente, sr. Portela Fernández (SM), abríndose o debate coa sra. Nogareda sobre o modo e tempo das quendas de intervencións no que intervén tamén en menor medida a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE).

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 55 minutos do día xoves 28 de novembro do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.